


DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

1 LEXISLATURA

Presidencia Provisional do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez**Sesión Plenaria núm. 1****celebrada o sábado, 19 de decembro de 1981****ORDE DO DIA**

1. Designación do Presidente da Xunta Preparatoria.
2. Designación da Mesa de Edade.
3. Designación da Mesa Provisional.

SUMARIO*Abrese a Sesión ás doce e dez minutos da mañá.*

Antes de entrar na orde do día, o Sr. Quiroga Suárez dirixe á Cámara unhas palabras de emoción e alegría polo significado que o acto encerra, ó mesmo tempo que expón a súa preocupación por responder ós múltiples desafíos cos que terán que se enfrentar no futuro.

Páxina

- | | |
|---|---|
| 1. Designación do Presidente da Xunta Preparatoria | 4 |
| 0 Oficial Maior do Parlamento Galego (Sr. Fariña Jamardo) anuncia que a Presidencia | |

da Xunta Preparatoria lle corresponde ó Depurado D. José Carlos Rodríguez González, por se-lo primeiro que presentou a súa credencial. Acto seguido o Sr. D. José Carlos Rodríguez González sobe á Presidencia.

0 Presidente da Xunta Preparatoria (Sr. D. José Carlos Rodríguez González) invita ó Oficial Maior do Parlamento Galego (Sr. Fariña Jamardo) a que dea lectura á lista de Depurados Electos por orde de presentación de credenciais. Así o fai o Oficial Maior do Parlamento Galego (Sr. Fariña Jamardo).

0 Presidente da Xunta Preparatoria (Sr. D. José Carlos Rodríguez González) declara aberra a sesión e insta ó Oficial Maior a que

dea lectura ó Real Decreto de Convocatoria, á relación de Deputados e ás Normas da Xunta Preparatoria e da Mesa de Edade, que foron acordadas no reunión das forzas políticas parlamentarias. Así o fai o Oficial Maior do Parlamento Galego (Sr. Fariña Jamardo).

Sometidas a aprobación esas Normas polo Presidente da Xunta Preparatoria (Sr. José Carlos Rodríguez González) foron aprobadas por asentimento.

Páxina

2. Designación da Mesa de Edade . . . 7

0 Presidente da Xunta Preparatoria (Sr. José Carlos Rodríguez González) manifesta que o Deputado de maior idade a quen corresponde a Presidencia da Mesa é D. Manuel Iglesias Corral, e as dúas Secretarías a D. Mariano Rajoy Brey e D. Tomás Pérez Vidal (os Sres. Iglesias Corral, Rajoy Brey e Pérez Vidal pasan a ocupa-los seus sitios na Mesa Presidencial).

Levántase a sesión da Xunta Preparatoria.

0 Presidents da Mesa de Edade (Sr. Iglesias Corral) dirixe á Mesa unhas emocionadas palabras polo momento histórico que todos están vivindo, facendo unha mención especial ós precursores na loita pola Autonomía>

Páxina

3. Designación da Mesa Provisional. 8

0 Oficial Maior do Parlamento Galego (Sr. Fariña Jamardo) dá lectura ás Normas pró Constitución da Mesa Provisional do Parlamento Galego.

-Elección do Presidente da Mesa Provisional.- 0 Sr. Presidente da Mesa de Edade (Sr. Iglesias Corral) manifesta que se vai proceder á votación.

Efectuada a votación por papeletas e realizado o escrutinio, deuse o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; Sr. Rosón Pérez, 50 votos; Sr. González Amadiós, 17 votos; en blanco, 4 votos. Queda proclamado o Sr. Rosón Pérez como Presidente Provisional do Parlamento Galego.

-Elección de Vicepresidente da Mesa Provisional.- Efectuada a votación por papeletas e realizado o escrutinio, deuse o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; Sr.

Moure Mariño, 48 votos; Sr. González Amadiós, 18 votos; en blanco, 5 votos. En consecuencia, proclámase Vicepresidente Primeiro ó Sr. Moure Mariño e Vicepresidente Segundo ó Sr. González Amadiós.

-Elección do Secretario e Vicesecretario.- Efectuada a votación por papeletas e realizado o escrutinio, obtense o seguinte resultado: Votos emitidos, 71; Sr. González Mariñas, 31 votos; Sr. Rajoy Brey, 25 votos; en blanco, 15 votos. En consecuencia, proclámase Secretario ó Sr. González Mariñas e Vicesecretario ó Sr. Rajoy Brey. 0 Presidente- da Mesa de Edade (Sr. Iglesias Corral) invita ós Sr. Deputados a ocupa-los seus postos. (Fano estes entre grandes e calurosos aplausos).

A continuación fai uso da palabra o Sr. Rosón Pérez, agradecendo á Cámara a confianza que depositan neles, e solicita a cooperación de todos nas futuras tarefas que terán que realizar pró consolidación da Autonomía.

Levántase a Sesión.

Eran as dúos menos dez da tarde.

Comenza a sesión ás doce e dez minutos da mañá.

0 Señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Quiroga Suárez):

Excmas. autoridades, Señorías:

Hai momentos na vida do home nos que non pode sustraerse á emoción, porque sobre el inciden 6 mesmo tempo o peso dunha circunstancia e mailo feito de que sobre ese momento e sobre esa circunstancia gravitan páxinas importantes da historia. Este é pra min o día, esta é a circunstancia. Penso, como dixen noutra ocasión tamén solemne, que o sinxelo feito de me corresponder tan alto honor "xustifica unha vida, anque dentro dela todo o demais sexa insignificante".

Neste senlleiro e solemne acto que estamos a inscribir **na** grande historia de Galicia, en nome da Xunta que, astra agora, modestamente me cadrou presidir, reciban un sincero e emocionado saúdo tódolos presentes desde a Iedicia mais reloucante e, tamen, desde a preocupación mais inquedante.

Un saúdo desde a ledicia, porque hoxe nos depara o acontecer histórico a oportunidade, única como galegos, pra poñernos a camiñar cara a unha grande e fermosa empresa; porque ofrécenos a singular ocasión de nos esixir con rigor o traballo nobilísimo nunha obra común; e porque propiciano-la posibilidade extraordinaria de dispor pra todo iso dos aparellos precisos e necesarios pra viabiliza-la redención da nosa terra, dabondo deprimida desde hai séculos.

Mais tamén un saúdo desde a preocupación porque todos teremos que aceptar e responder a un múltiple desafío:

A un desafío cultural, pra nós poder conservar con esforzo o patrimonio herdado dos nosos devanceiros, que nos permitiu partir agora desde posicións mentais, desde estruturas espirituais e desde realidades concretas e positivas. Pro tamén nos obrigará á creación de novos valores culturais de apertura ó mundo e mais ó tempo en que nos cadrou vivir.

A un desafío social, pra nos situar con actitude receptiva e creadora diante dos cambios de estrutura, de mentalidade e de relacións interpersoais, que aínda temos por incorporar ó noso tecido colectivo.

A un desafío político, pra búsqueda das fórmulas e dos estilos que nos han permitir crear un modelo de sociedade libre e asisada, combinando o pragmatismo das respostas ás situacións inéditas, coa forza da imaxinación, pra invalidar así vellos e caducos comportamentos.

E a un desafío económico, pró inquérito de pautas tecnicamente razonables na creación de liberadoras riquezas, e pró seu reparto xusto e equilibrado, co desexado obxecto de que ninguén teña que emigrar por non atopar aquí xeito de que vivir.

Mais témo-la esperanza de que, nesta hora única, a estes apremiantes desafíos haberemos de responder tódolos galegos sin excepción ningunha.

Porque, como ben se di, na orde política ninguén ten toda a verdade. En política, unha doutrina ou unha organización ou un partido terá unha parte da verdade.

E, xa que logo, tódolos que nos acollemos a unha opción determinada poderemos pensar que a parte de verdade que temos é importante, ou que é aceptada maioritariamente, pro non podemos decir de ningún modo que temos toda a verdade.

En troques, poderemos afirmar rotundamente que tódolos homes de ben son necesarios, porque todos xuntos si que constitúen unha verdade: a verdade do pobo, a verdade do pobo real.

O Parlamento Galego, sobranceira representación do pobo que o votou libremente, está formado por forzas políticas disteradas na súa filosofía, nos seus programas e astra na súa orixe, cunha delimitación inequívoca, e aínda entre aquelas aparentemente mais próximas.

Cada unha delas, por coherencia consigo mesma, ha de ser fiel ó seu pasado, ó seu concepto de Autonomías, e, mesmo, cara a posturas e actitudes adoptadas en momentos importantes, moitas veces disonantes e que puideron supoñer prepotencia ocasional. Pro o noso pobo, o noso intelixente pobo galego, non esquence enganos nin acenos oportunistas.

Mais aquí, a través do diálogo e da discusión, nunca do enfrentamento, estas forzas políticas saberán facer deste Parlamento o que ten que ser, un cruxol de tendencias e confluencia de actitudes, sempre matinando en Galicia.

A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía e este Parlamento, en canto que representa ó pobo galego, son os tres peares sobre os que ten que se asenta-lo noso proceso autonómico.

Con nidia claridade e perfecta delimitación xerárquica define o noso Estatuto no seu artigo 1º cando di: Os poderes de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.

Da Constitución, en canto compromiso de todos nunha forma de convivencia e, ó mesmo tempo, campo acoutado do que non podemos saír; do Estatuto, como norma axustada ás nosas peculiaridades, dentro da propia Constitución; e do noso pobo, como suxeito e obxecto da Constitución e do Estatuto.

E decir, a Galicia nosa, dentro da España de todos.

Queda atrás, Señorías, un tempo cheo de esperanzas e mais de desesperos, de entusiasmos e de desacougos, de seguridades e vacilacións; un tempo de sentimentos contrapostos e contraditorios que foron suliñando a nosa andadura, desde a data da Constitución do noso Réxime Preautonómico astra os momentos de gozo que estamos a vivir.

Pasamos por momentos de exaltación e de euforia, aguilloados polo entusiasmo, e momentos de depresión e desalento, debidos, os mais deles, a erros e insuficiencias propias, pro tamén algúns outros atribuíbles á complexidade da nosa realidade política, e aínda tamén debidos á premura de medios, de atribucións e unha grande parte de incompreensión.

Ben sabemos que hai quen di que somos un pobo de visión cativa e desconfiada, que somos un pobo insolidario e escéptico. E poida que teñan algunha razón os que así opinan, quizais levados dunha santa intención patriótica.

Mais tamén sabemos que, se nun pequeno recanto da nosa personalidade alenta unha magnanimidade creadora, espléndida e xenerosa, esa aínda que pequena faciana da nosa personalidade será dabondo pra nos salvar.

¡Ergámo-la esperanza!, pois logo, como demandan os queimantes versos de Celso Emilio "Sobre ista terra escura // como quen ergue o facho // nunha noite de lúa".

Ergamos, daquela, a nosa prometedora esperanza e, se con emoción e sensibilidade galegas, escoitamos con fe as voces insobornables da nosa conciencia, xa ouviremos preto, como vaticinou outro poeta noso:

"Os hinos da vitoria
que fan chegar os ceos
os peitos ceibes de Galicia nova".

E grande o desafío e longa a obra.

Por iso, en nome de Galicia e en nome de España, pido que Deus nos axude.

E mais nada, Señoras e Señores, que non sexa dárvo-las gracias pola atención que me prestastes. Moitas gracias.

(Aplausos)

DESIGNACION DO PRESIDENTE DA XUNTA PREPARATORIA

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo): Pra proceder á constitución da Xunta preparatoria do Parlamento, prérgolle ó Deputado que primeiro presentou a credencial, José Carlos Rodríguez González, que acceda á Presidencia. (O Sr. Rodríguez González ocupa a Presidencia da Xunta Preparatoria).

O Señor PRESIDENTE DA XUNTA PREPARATORIA (Rodríguez González): Señoras e Señores: Procedemos á constitu-

ción da Xunta Preparatoria do Parlamento de Galicia. O Oficial Maior do Parlamento fará o chamamento dos Deputados electos que, se se atopan presentes, deberán contestar si e ocupa-los seus escanos.

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo):

Relación dos parlamentarios por orde de presentación das credenciais no rexistro xeral de entrada.

- | | |
|--|----|
| 1 D. José Carlos Rodríguez González | si |
| 2 D. Jesús Gayoso Rey | si |
| 3 D. Francisco Jav. Suárez-Vence Santiso | si |
| 4 D. Gerardo González Martín | si |
| 5 D ^a Emma Rosa González Bermello | si |
| 6 D. José Carlos Mella Villar | si |
| 7 D. Miguel Jerónimo Piñeiro Sánchez | si |
| 8 D. Ramón Lareo López | si |
| 9 D. Alfredo Luis Conde Cid | si |
| 10 D. Fernando Martínez González | si |
| 11 D. Adolfo Abel Vilela | si |
| 12 D. Pablo Moure Mariño | si |
| 13 D. José Ramón Cociña García | si |
| 14 D. Antonio Varela Alvarez | si |
| 15 D. Benito Iglesias Cacicedo | si |
| 16 D. Juan Luís Pia Martínez | si |
| 17 D. Ramón Evar. Castromil Ventureira | si |
| 18 D. Bautista Goyel Alvarez Domínguez | si |
| 19 D. Benito García Dorgambide | si |
| 20 D. José Romero Becerra | si |
| 21 D. Ramón Félix Blanco Gómez | si |
| 22 D. Manuel Morán Morán | si |
| 23 D. José González Dopeso | si |
| 24 D. Manuel Eiris Cabeza | si |
| 25 D. Antonio Carro Fernández-Valmayor | si |
| 26 D. José Castro Suárez | si |
| 27 D. Lois Diéguez Vázquez | si |
| 28 D. José Luís García Casasnovas | si |
| 29 D. Ricardo Pérez Queiruga | si |
| 30 D. Ramón de Vicente Vázquez | si |
| 31 D. Tomás Pérez Vidal | si |
| 32 D. Pablo González Mariñas | si |
| 33 D. Manuel Couce Pereiro | si |
| 34 D. Gerardo Fernández Albor | si |
| 35 D. Antonio Sangiao Pumar | si |
| 36 D. José Quiroga Suárez | si |
| 37 D. Antonio Olives Quintas | si |
| 38 D. Francisco José Vázquez Vázquez | si |
| 39 D. Benjamín Casal Vila | si |
| 40 D. Manuel Ceferino Díaz Díaz | si |
| 41 D. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe | si |
| 42 D. Juan Carreira Gómez | si |
| 43 D. Anxel Guerreiro Carreiras | si |

44 D. Manuel Iglesias Corral	si
45 D. Fernando García Agudín	si
46 D. Santos Oujo Bello	si
47 D. Francisco González Amadiós	si
48 D. José Luís Barreiro Rivas	si
49 D. Juan Manuel Iglesias Rivera	si
50 D. José María Pardo Montero	si
51 D. Xerardo Denis Felipe Estévez Fdez.	si
52 D. Miguel Barros Puente	si
53 D. Maximino Pérez Hortas	si
54 D. Ramón Taboada Soto	si
55 D. Angel Rodríguez Vázquez	si
56 D. Aurelio Domingo Miras Portugal	si
57 D. Camilo Nogueira Román	si
58 Dª María del Carmen Lovelle Alén	si
59 D. Ramón Piñeiro López	si
60 D. Julián Martínez Larrán	si
61 D. José Pedro Moreno González	si
62 D. Manuel Angel Villanueva Cendón	si
63 D. Mariano Rajoy Brey	si
64 D. Senén Bernárdez Alvarez	si
65 Dª Flora Veiga Aldariz	si
66 D. Carlos Casares Mouriño	si
67 D. José Luís Alonso Riego	si
68 D. Claudio López Garrido	si
69 D. José Lage Lage	si
* 70 D. Antonio Edelmiro Gato Soengas	si
71 D. Antonio Rosón Pérez	si

O Señor PRESIDENTE DA XUNTA PREPARATORIA (Rodríguez González): Como Presidente da Xunta Preparatoria declaro aberta a Sesión. O Oficial Maior dará lectura ó Decreto de Convocatoria, á relación de Deputados, e ás Normas da Xunta Preparatoria e da Mesa de Edade que foron acordadas nas xuntanzas das forzas políticas parlamentarias e que se someten á vosa aprobación.

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo): O Boletín Oficial da Xunta de Galicia número 29 de 18 de novembro do 1981 publica o Decreto 38/81 de novembro de Convocatoria prá Constitución do Parlamento Galego, que di así: "O artigo segundo do Decreto nº 33 de data 31 de outubro de 1981 establece que, así como teñan acreditado a súa condición de Deputados un tercio dos membros electos do Parlamento Galego, a Xunta de Galicia aprobará e publicará, no prazo de 15 días hábiles Decreto de Convocatoria con expresión do día, hora e lugar no que teña que celebrarse o acto de constitución do Parlamento.

En virtude disto, previa deliberación recaída na xuntanza celebrada pola Xunta de Galicia o día 18 de novembro,

DECRETO:

Artigo único: Previo cumprimento dos requisitos establecidos e a efectos previstos na Disposición Transitoria Segunda do Estatuto de Autonomía, a Xunta de Galicia convoca ós señores Deputados electos polas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra a constituírse en Parlamento de Galicia no Pazo de Xelmírez da cidade de Santiago de Compostela ás 12 horas do día 19 de decembro de 1981, data histórica, que coincide coa data da aprobación en 1932 pola Asamblea Rexional dos Concellos galegos do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Disposición Transitoria: O desenrolo das Sesións constitutivas e seguintes rexirase polas normas contidas no Regulamento Provisorio do Congreso de Deputados das Cortes Xerais de 17 de outubro de 1977 mentres non se aproben normas propias polo Parlamento de Galicia.

Disposición Final: Este Decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Xunta.

Santiago, 18 de novembro de 1981. José Quiroga Suárez. Presidente.

No mesmo Boletín aparece a relación dos Deputados proclamados electos polas Xuntas Electorais Provinciais, que é a seguinte:

A CORUÑA:

Alianza Popular

- D. Gerardo Fernández Albor
- D. José González Dopeso
- D. Ramón de Vicente Vázquez
- D. Ramón Evaristo Castromil Ventureira
- D. Juan Carreira Gómez
- D. Ricardo Pérez Queiruga
- D. Juan Luís Pía Martínez
- D. Manuel Eiris Cabeza
- D. Manuel Morán Morán

Partido dos Socialistas de Galicia - P.S.O.E.

- D. Francisco José Vázquez Vázquez
- D. Ramón Piñeiro López
- D. Xerardo Denis Felipe Estévez Fernández
- D. Antonio Carro Fernández-Valmayor
- D. Manuel Couce Pereiro
- D. Fernando Martínez González

Unión de Centro Democrático

D. Manuel Iglesias Corral
 D. Pablo González Mariñas
 D. José Castro Suárez
 D. Fernando García Agudín
 D. Antonio Olives Quintas

Coalición Bloque-PSG

D. Bautista Goyel Alvarez Domínguez

Partido Comunista de Galicia

D. Anxel Guerreiro Carreiras

LUGO:**Unión de Centro Democrático**

D. Antonio Rosón Pérez
 D. José María Pardo Montero
 D^a Flora Veiga Aldariz
 D. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
 D. Angel Rodríguez Vázquez
 D. Maximino Pérez Hortas

Alianza Popular

D. Adolfo Abel Vilela
 D. Pablo Moure Mariño
 D. Jesús Gayoso Rey
 D. José Ramón Cociña García
 D. Antonio Varela Alvarez

Partido dos Socialistas de Galicia - P.S.O.E.

D. Manuel Ceferino Díaz Díaz
 D. Benjamín Casal Vila
 D. Antonio Edelmiro Gato Soengas

Coalición Bloque-PSG

D. Lois Diéguez Vázquez

OURENSE:**Unión de Centro Democrático**

D. José Quiroga Suárez
 D. Senén Bernárdez Alvarez
 D. José Lage Lage
 D. José Pedro Moreno González
 D. Aurelio Domingo Miras Portugal
 D. José Romero Becerra

Alianza Popular

D. Manuel Angel Villanueva Cendón
 D^a María del Carmen Lovelle Alén
 D. José Carlos Rodríguez González
 D. José Luis García Casanovas
 D. Tomás Pérez Vidal

Partido dos Socialistas de Galicia - P.S.O.E.

D. Juan Manuel Iglesias Rivera
 D. Ramón Félix Blanco Gómez
 D. Carlos Casares Mourinho

PONTEVEDRA:**Alianza Popular**

D. José Luís Barreiro Rivas
 D. Julián Martínez Larrán
 D. Mariano Rajoy Brey
 D. Ramón Taboada Soto
 D. Benito Iglesias Cacicedo
 D. José Luís Alonso Riego
 D. Antonio Sangiao Pumar

Unión de Centro Democrático

D. Francisco Javier Suárez-Vence Santiso
 D. Gerardo González Martín
 D^a Emma Rosa González Bermello
 D. José Carlos Mella Villar
 D. Miguel Jerónimo Piñeiro Sánchez
 D. Ramón Lareo López

Partido dos Socialistas de Galicia - P.S.O.E.

D. Francisco González Amadiós
 D. Miguel Barros Puente
 D. Benito García Dorgambide
 D. Alfredo Luís Conde Cid

Esquerda Galega

D. Camilo Nogueira Román

Coalición Bloque-PSG

D. Claudio López Garrido

As Normas da Xunta Preparatoria e Mesa de Edade son as seguintes:

NORMAS DA XUNTA PREPARATORIA E MESA DE EDADE

Artigo 1º.— Baixo a presidencia daquel Deputado que presentase primeiro a súa credencial, expedida pola correspondente Xunta Electoral Provincial, reunirse a Xunta Preparatoria, integrada por tódolos Deputados electos. A este fin, o Oficial Maior do Parlamento irá chamando ós Deputados pola orde de presentación de credenciais, invitándoos a acceder ó hemiciclo.

Artigo 2º.— Rematado o chamamento, o Presidente declarará aberta a sesión e dispoñerá que polo Oficial Maior se dea lectura ó decreto de convocatoria, á relación de Deputados e ós artigos da presente disposición, que será sometida a estudio e aprobación.

Seguidamente, o Oficial Maior, coa venia do Presidente, individualizará o nome do Deputado de mais idade e o dos dous mais novos, que deben constituír no seu momento

a Mesa de Edade, actuando o primeiro como Presidente e exercendo os outros dous as funcións de Secretarios, e levantárase a Sesión.

Disposición Final.— Pró non previsto nestas normas aplicarase con carácter supletorio o Regulamento Provisional do Congreso dos Deputados, de 17 de outubro de 1977.

O Señor PRESIDENTE DA XUNTA PREPARATORIA (Rodríguez González): ¿Algunha obxeción?. (Pausa). Quedan aprobadas por asentimento as Normas da Xunta Preparatoria e da Mesa de Edade. De acordo con elas, o Oficial Maior individualizará os nomes dos Deputados que deben constituí-la Mesa de Edade.

DESIGNACION DA MESA DE EDADE

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo): De conformidade cos datos de que dispoñemos e que foron facilitados polos señores Deputados ó presenta-las respectivas credenciais, e segundo a norma aprobada, a Mesa de Edade deste Parlamento terá que se constituír polo Deputado de mais idade, D. Manuel Iglesias Corral, como Presidente, e polos Deputados mais novos, D. Mariano Rajoy Brey e D. Tomás Pérez Vidal, como Secretarios.

O Señor PRESIDENTE DA XUNTA PREPARATORIA (Rodríguez González): Levántase a Sesión da Xunta Preparatoria.

Prégolle ós señores Iglesias Corral, Rajoy Brey e Pérez Vidal que pasen a constituí-la Mesa de Edade. (Os Señores Iglesias Corral, Rajoy Brey e Pérez Vidal pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia).

O Señor PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): Queda constituído o Parlamento Galego. O primeiro Parlamento Galego.

O Señor PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): As previsións non me serven porque nunca estiven lonxe da grandeza deste acontecemento. Pro eu non sei se houbo quen escribiu ou pintou sobre o asombro, e o sentimento que me posee é ese. Por iso decía que o presuposto destes papeis non me serve de nada. Asímbrome de que maneira podería describi-la emoción que me produce. A palabra emoción xa resulta unha palabra gastada, non abonda pra expresa-lo sentimento que me produce este acontecemento.

E antes de dirixirme ás persoas ás que debo tódolos respetos quero manifestar que neste momento, polo meu cerebro, polo meu corazón, corre un impulso que vai ós precusores e, como a enumeración sería longa e me levaría a omisións penosas, déixenme que recorde un instante, como nunha oración, a aqueles cos que tiven unha proximidade nesta inquietude: Porteiro Garea, Antón Vilar Ponte, Peña Novo —...mais adiante nos traballos de preparación do Estatuto do ano 32 paréceme que son eu o que queda daqueles ponentes— e a evocación de tódolos precusores toda condensada, toda concentrada, nalgún deles que foi mártir desta causa, que foi Bóveda, un daqueles compañeiros. Sei que, mencionando a Bóveda, queda feita unha invocación que pode comprender a tódolos que puxeron o seu pensamento no propósito de chegar a estar na elección. A palabra increíble é a única que podería traduci-la impresión que me agarrota o espírito. E increíble que se teña chegado a este instante. Entón, acepten que lles diga que só o silencio é grande, como dixo Carlela, que está mais alto cás estrelas, e que o demais é fraqueza. Eu non tería palabras pra continuar nesta liña de expresión.

O Parlamento Galego será templo da lingua nai, da nosa fala admirareira que sabe coma ningunha das divinas saudades e das inqedades secretas. Non obstante, as miñas palabras, miúdas, que aínda non pasan de ser soamente instrumentais, serán ditas no idioma español, como mostra prós nosos ilustres acompañantes da nosa solidariedade con tódolos pobos e con tódolos homes da patria.

Las credenciales que me acreditan para ocupar este lugar vienen de un imperativo biológico, por el que debo gratitud a la Providencia, que me confiere el don, la virtud de ese proceso cronológico que me otorgó con generosidad, y me permite ocupar hoy este lugar. El cometido que me concierne no exige imaginación por mi parte, sino estricto cumplimiento de la norma contenida en nuestro Estatuto, que marca y limita la efímera función que me incumbe en este acto. La disposición transitoria dos del Estatuto Gallego, señala que esta Mesa procederá a la elección de la Mesa Provisional de la Cámara: Presidente, Vicepresidentes y Secretarios. Eso vamos a hacer. Pero al pisar el umbral de la

tierra prometida, un fabuloso privilegio concedido a nuestra generación, al comenzar la andadura que debe ser gloriosa, la andadura de nuestro propio descubrimiento y la conquista del progreso de Galicia, vamos a descubrir que es, lo que tiene, lo que puede nuestra tierra gallega, lo que puede la fe de los gallegos. Un proceso en que, aún siendo las palabras grandes, sería difícilísimo encontrarlas con capacidad de revelar lo que el cambio significará: que estará mucho más alto de todo escepticismo y que tiene que colmar las esperanzas de todos los gallegos, los que aquí vivimos y los que aquí deben volver o al menos deben poder hacerlo. Mi breve tarea está cumplida si saludo con gratitud a las personas que nos enriquecen con su presencia y si con las mismas palabras con que finalicé el discurso que puso fin al proceso electoral del Estatuto, unas palabras salidas del fondo del alma "aló do mais fondo do val florecido", digo yo también que Dios nos ayude. Nada más.

(Aplausos)

DESIGNACION DA MESA PROVISIONAL

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo):

NORMAS PRA CONSTITUCION DA MESA PROVISIONAL E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO GALEGO ASTRA A SUA CONSTITUCION DEFINITIVA.

I

MESA PROVISIONAL

Primeira.— Composición

Conforme ó disposto na disposición transitoria segunda 1-a) do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Mesa Provisional do Parlamento de Galicia componse dun Presidente, dous Vicepresidentes, un Secretario e dous Vicesecretarios e terá que actuar astra que se elixa a Mesa Definitiva.

Segunda.— Elección

1.— A súa elección efectuarase por votación instrumentada mediante papeleta que cada Deputado entregará ó Presidente da Mesa de Edade, que a introducirá na urna preparada ó efecto.

2.— O chamamento farase seguindo a orde formada a partir da lista de presentación de credenciais, exceptuando ós membros da

Mesa de Edade, que depositarán a súa papeleta ó remate de cada votación.

3.— Concluída a votación, comenza o escrutinio.

O Presidente extraerá da urna, unha a unha, as papeletas depositadas e leraas en voz alta, poñéndoas de manifesto ós Secretarios, que as entregarán ó Oficial Maior.

Será nula a papeleta ilexible ou que conteña o nome dos Deputados que non presentasen a credencial. Cando unha papeleta contivese mais dun nome, non se computará mais que o primeiro, e os demais consideraranse non escritos.

As papeletas nulas e en branco servirán pra computa-lo número de votos emitidos.

Terceira.— Procedemento.

1º.— A elección, de Presidente, Vicepresidentes, Secretario e Vicesecretario verificárase sucesivamente por esta orde.

2º.— Pra elección do Presidente Provisional, cada Deputado escribirá un nome na papeleta. Resultará elixido o que obteña maioría absoluta de votos dos Deputados do Parlamento.

Non lográndose a maioría absoluta, repetirase a votación, e nesta segunda convocatoria resultará elixido o que obteña mais votos.

3º.— Os dous Vicepresidentes elixiranse simultaneamente. Cada Deputado escribirá un só nome na papeleta. Resultarán elixidos os dous que obteñan maior número de votos e serán nomeados, por orde correlativa de maior a menor, Vicepresidente Primeiro e Segundo.

4º.— Pra elección do Secretario e Vicesecretario escribirase só un nome na papeleta e resultarán elixidos por orde de votos os dous que obteñan o maior número de votos.

5º.— Tanto na elección precedente coma na de Vicepresidentes, en caso de empate, repetirase a votación entre os candidatos igualados en votos, astra que un deles consiga mais cós restantes.

6º.— O Oficial Maior levará relación de tódolos votantes e dará nota exacta dos resultados da votación, e levantará acta de escrutinio, que firmarán os membros da Mesa de Edade.

7º.— Concluídos os escrutinios, os parlamentarios elixidos pasarán a ocupa-los seus postos.

Cuarta.— Funcións.

Ademais da fundamental asignada polo apdo. 3º do Estatuto de Autonomía, é competente pra exercita-las adscritas á Mesa Interina no Regulamento Provisional do Congreso de Deputados, de 17 de outubro de 1977.

II

FORZAS POLITICAS PARLAMENTARIAS

Quinta.— Representante.

1º.— As forzas políticas parlamentarias, no prazo máximo de dous días, designarán e comunicarán á Mesa Provisional o seu representante provisional sustituto.

2º.— Será consultado polo Presidente Provisional do Parlamento pra:

- a) Propoñer un candidato á Presidencia da Xunta.
- b) Asigna-los escaños no Salón de Sesións ós correspondentes partidos políticos.
- c) Fixa-los criterios que faciliten as tarefas parlamentarias.

III

COMISIONS PARLAMENTARIAS

Sexta.— Constitución.

Aprobarase a constitución das dúas Comisións Parlamentarias: a de Incompatibilidades e a de Regulamento do Parlamento.

Sétima.— Composición.

1º.— A Comisión de Incompatibilidades estará composta por un representante de cada un dos partidos políticos con representación parlamentaria.

A Comisión de Regulamento formarase con:

- Tres parlamentarios de Alianza Popular.
- Tres parlamentarios de Unión de Centro Democrático.
- Dous parlamentarios do Partido Socialista de Galicia - PSOE.
- Un parlamentario da coalición Bloque-Partido Socialista Galego, outro de Esquerda Galega e outro do Partido Comunista de Galicia.

2º.— Os integrantes destas Comisións serán nomeados no prazo máximo de dous días hábiles e poderán ser substituídos previa comunicación ó Presidente Provisional.

Oitava.— Funcionamento.

1º.— As Comisións entenderanse validamente constituídas, en primeira convocatoria,

cando estean presentes a metade mais un dos membros. En segunda convocatoria, unha hora despois da correspondente á primeira, bastará coa concorrencia dun tercio.

2º.— Os acordos adoptaranse pola maioría simple, computándose os votos polo sistema ponderado e, por tanto, cada representación terá tantos votos como escaños teña no Parlamento o seu Partido Político ou Coalición Electoral.

3º.— Estas Comisións entrarán en funcionamento no prazo máximo de vinte días hábiles, a partir da Sesión Constitutiva do Parlamento.

Novena.— Funcións.

1º.— A de Incompatibilidades corresponde presentar ó Pleno un ditame sobre a compatibilidade ou non dos Deputados electos, en base ós supostos previstos nos artigos 70.1.b) da vixente Constitución e no 4º do R.D. Lei 20/77, de 18 de marzo.

2º.— A de Regulamento corresponde elaborar e presentar ó Pleno o Regulamento do Parlamento de Galicia.

Décima.— Cláusula Xeral.

A Mesa Provisional, xunto cos representantes das forzas políticas parlamentarias aludidos na Norma Quinta, asume a interpretación e desenrolo destas Normas provisionais e súplicas, en casos de dúbida ou omisión, astra a aprobación do Regulamento definitivo do Parlamento Galego.

Disposición Final.

Pró non previsto nestas normas aplicárase con carácter supletorio o Regulamento Provisional do Congreso de Deputados, de 17 de outubro de 1977.

O Señor PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): A Cámara queda enteirada do que se lle acaba de dar conta, e no seu momento poderá adopta-las decisións oportunas no sentido de conservar ou modificar esas disposicións. Entón, imos cumpri-lo tránsito da elección. Procédese á elección de Presidente, en primeiro lugar, e considéranse candidatos a tódolos señores Deputados. O que resulte con maior número de votos, será elixido. (Pausa)

O Señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO GALEGO (Fariña Jamardo): Atención: de acordo coas normas, os señores Deputados farán constar na papeleta o nome do Deputado que queren que sexa nomeado

Presidente da Mesa. E ó seren chamados, adiantaranse astra a Mesa da Presidencia, pra entregarlle a papeleta ó Presidente da Mesa, que a depositará na urna.

O Señor PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): Señores, porque así se me interesa, debe entenderse que as normas enunciadas contan co asentimento da Cámara, se ben xa establecemos que a Cámara ten soberanía pra conservalas, modificalas, ou face-lo que lle pareza oportuno cando entre na dinámica que lle corresponde. Está claro.

Comenza a votación. *(Pausa)*

(O Señor OFICIAL MAIOR le a lista dos señores Deputados, que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e realizado o escrutinio, dixo:

O Señor PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 71. D. Antonio Rosón Pérez, 50 votos; D. Francisco González Amadiós, 17 votos; votos en blanco, 4. Por conseguinte, queda proclamado Presidente D. Antonio Rosón Pérez *(Aplausos)*.

Procédese seguidamente á elección da Vicepresidencia. Cada un votará un Vicepresidente. O que teña maior número de votos é Vicepresidente Primeiro e o outro Vicepresidente Segundo. (Distribúense as papeletas). Teñen que poñer un só nome en cada papeleta.

Comenza a votación.

(O Señor (OFICIAL MAIOR) le a lista dos Deputados, que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e feito o escrutinio, dixo:

O Sr. PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 71. D. Pablo Moure Mariño, 48 votos; D. Francisco González Amadiós, 18 votos; votos en blanco, 5. En consecuencia, proclámase Vicepresidente Primeiro ó señor Moure Mariño, e Vicepresidente Segundo ó señor González Amadiós *(Aplausos)*.

A continuación vaise proceder á elección de Secretario e Vicesecretario. Vótase un só nome; o que teña mais votos é Secretario e o que o siga é Vicesecretario.

(O Señor Oficial Maior le a lista dos Deputados, que van depositando o seu voto na urna).

Rematada a votación e feito o escrutinio, dixo:

O Sr. PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): A Mesa queda votación é o seguinte: votos emitidos, 71; D. Pablo González Mariñas, 31 votos; D. Mariano Rajoy Brey, 25 votos; votos en blanco, 15. En consecuencia, o señor González Mariñas é nomeado Secretario e o señor Rajoy Brey Vicesecretario *(Aplausos)*.

O Sr. PRESIDENTE DA MESA DE EDADE (Iglesias Corral): A mesa queda constituída polo Sr. Rosón Pérez como Presidente, o Sr. Moure Mariño como Vicepresidente Primeiro, o Sr. González Amadiós como Vicepresidente Segundo, o Sr. González Mariñas como Secretario e o Sr. Rajoy Brey como Vicesecretario. Prégolles que veñan tomar posesión dos seus cargos (Os Señores Rosón Pérez, Moure Mariño, González Amadiós, González Mariñas e Rajoy Brey pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia entre grandes e calurosos aplausos).

O Señor PRESIDENTE PROVISIONAL (Rosón Pérez): Como primeiro acto declaramos ou reiterámo-la declaración que acaba de face-lo Presidente da Mesa de Edade de quedar constituída formalmente a Mesa Interina ou Provisional.

“Señoras e Señores Deputados, Excelentísimos e Ilustrísimos Señores, Señoras e Señores. O inaugurar hoxe neste histórico recinto o noso Parlamento teño pra min que é xusto que me adiante a expresar en contadas palabras, no meu propio nome e mais no dos componentes da Mesa Interina, o noso recoñecemento a todos pola elección que se acaba de facer. Gracias tamén ás dignísimas persoas e representacións que como testigos cualificados viven con nós o acontecemento. Eu confeso humildosamente que asumo esta Presidencia interina con emoción e co respecto que as señoras e señores Deputados me merecen persoalmente e como representante do pobo galego. Coido que coa axuda de todos o Parlamento Galego terá de se-la institución que Galicia agarda, o eixo da nosa vida colectiva e democrática, aberta ás nosas realidades presentes e futuras. Pídlle a Deus que non me fallen o alento e maila consciente

decisión de exercer as funcións que me correspondan regulamentariamente nos seus xustos e debidos termos. Por se-lo primeiro Parlamento de Galicia temos conciencia do significado que este acto ten na nosa historia, así como da responsabilidade que a nós como Parlamentarios nos incumbe. Estou ben certo de que todos asumimos esas responsabilidades co espírito nobre e xeneroso que invocaba o noso bardo Pondal, porque todos sabemos e sentimos que o Parlamento encarna a representación máis lexítima da vontade do noso pobo. Todos sabemos e sentimos que o Parlamento ha de ser órgano vivo que lle dea a Galicia a súa unidade interna, superando as fracturas impostas hai século e medio por unha división artificial e centralista; que nos devolva tamén a confianza en nós mesmos.

Pro a transcendencia deste acto fai presentes no noso espírito tres sentimentos de idéntica forza e profundidade que non podemos nin debemos silenciar:

En primeiro lugar, un sentimento de lembranza e de homenaxe de tantos e tantos galegos que, ó longo do tempo, se esforzaron por desperta-la nosa conciencia colectiva e por afirma-los nosos dereitos como pobo, sin o esforzo dos que hoxe non estariamos aquí inaugurando o Parlamento de Galicia.

En segundo lugar, un sentimento de lembranza fraterna prós milleiros de Galegos da emigración. Pra eses irmáns nosos que desde moi diversos países do mundo vivirán con emoción e nostalxia esta xornada que nós estamos protagonizando. Sin a súa presenza moral e cordial aquí, non poderíamos sentir entre nós a presenza de Galicia enteira.

En terceiro lugar, o sentimento de responsabilidade cara ó futuro. Hoxe remata

unha etapa da nosa historia e iníciase unha etapa nova. Astra agora o imperativo fundamental era o da reivindicación dos nosos dereitos. Desde agora a nosa fonda responsabilidade será a da realización democrática deses dereitos. Temos que construír unha Galicia autónoma capaz de desprezar todo o seu potencial creador. Tal é o noso deber, que nos compete como galegos e como españois, porque facendo Galicia tamén facémo-la España nova, diversa e concorrente na que, como decía Ortega, teñan fecunda resoancia tódalas melodías peninsulares.

Tamén me permito recabar desde aquí a cooperación cidadá de tódolos galegos, nativos e de adopción, imprescindible pra consolidación da nosa Autonomía, añaando a sensibilidade pra todo o social, co fin de restaura-la nosa comunidade con novos horizontes. Penso que se asumimos rexamente as responsabilidades que nos incumben, seguros como estamos do noso potencial físico e humano, entraremos de aquí a pouco nunha nova dinámica, tanto pra conseguilo noso desenvolvemento interno como pra fecunda-la convivencia cos demais pobos de España. E o noso empeño e, como decía Castelao, "non lle poñades chatas á obra namentres non se remate. O que pense que vai mal, que traballe nela; hai sitio pra todos".

Moitas gracias (*Aplausos*).

Señorías: Sinalarémo-la data da próxima reunión o antes posible e pra ela serán citados todos persoalmente.

Levántase a Sesión.

*Eran as dúas menos dez da tarde.
Cantan o Himno Galego.*

